




COSTA DE REDONDELA

De Soutoxusto á Portela

Adela Leiro, Mon Daporta
febreiro 2019



Distancia: 10 km (lineal)
Dificultade: baixa



Enxada de San Simón:

Situada no fondo da ría de Vigo, a partir do estreito de Rande. É unha cubeta tectónica moi colmatada de sedimentos procedentes das achegas dos ríos. No interior atópanse as illas de San Simón e Alvedosas. É unha zona abrigada con augas pouco profundas, cunha unha gran superficie que queda descuberta ao debalar o mar. É unha zona rica en bancos marisqueiros.



LIC/ZEC ENSEADA DE SAN SIMÓN

Ocupa o fondo da Ría de Vigo, a partir do estreito de Rande. É un ecosistema cunha alta produtividade biolóxica e de enorme riqueza marisqueira (sobre todo bivalvos), así como unha importante poboación de aves acuáticas sedentarias ou de paso.

O litoral de Redondela ten tres partes diferenciadas: un tramo rochoso ao norte, o seo baixo e areoso de Cesantes a Redondela e o esteiro do Alvedosa, e outro tramo elevado ata o límite con Vigo. Non é un espazo doado para camiñar porque está cautivo entre os peches das parcelas que nas zonas baixas chegan á liña da marea e a proximidade da vía do tren nas zonas escarpadas que crea unha barreira na que apenas hai accesos á costa nen espazo para asentamentos ou cultivos polo que se atopa cuberto de mato e árbores por entre os que é imposible moverse.

Coa marea baixa é posible camiñar entre Soutoxusto e Cesantes por unha sucesión de puntas e pequenos areais que deixan espazo para andar.



Vista de Redondela e a enseada de San Simón desde Cedeira

PERCORRIDO

Comezamos baixando á **enseada de Soutoxusto** para rodear a **punta Pesqueira** e chegar á **praia de Soutoxusto**, pasar dela a **punta de Fontán** e logo, por pequenas manchas de area e beiradas de pedras, á **punta Sobreira** e a **Cova do Asno** desde onde se pode pasar á **praia do Cabo**, e seguir, se aínda da o tempo, para rodear a **Punta**, percorrer as **praias de Cesantes** e **O Castañal** ata chegar ao **porto de Cesantes**. Do porto de Cesantes en diante temos a **punta da Canteira** que non se pode rodear porque non hai camiño doado nin terreo que o permita, polo que seguindo a estrada cara a Redondela chegamos ao **rego do Pexegueiro** onde temos un paseo acondicionado que rodea a **punta Mouríño** e continúa pola beira do esteiro do **río Alvedosa**, apegado á liña da costa, **ata a Portela**. Na Portela remata a posibilidade de camiñar seguindo a costa porque outra vez as vías do tren volven a ir moi preto do mar e non hai camiños que a sigan ademais comezan a aparecer espazos ocupados por recheos e instalacións industriais polo que xa só podemos facer visitas puntuais a **Rande** e a **Chapela**.



Punta Pesqueira e enseada de Soutoxusto



Enseada e praias de Soutoxusto



Punta Fontán



Punta Sobreira



Praia e punta do Cabo (Cesantes)

Cova do Asno



Praia e punta do Cabo (Cesantes) e illas de San Simón.

As Illas de San Simón e San Antón, xunto cos illotes San Bartolomeu e San Norberto forman un pequeno arquipélago situado fronte á praia de Cesantes. Para visitalas é preciso dispor de transporte (hai empresas que organizan viaxes guiados) e solicitar un permiso á Xunta de Galiza.



Praia de Cesantes. Un acolledor areal de 2.400 m de lonxitude que se sitúa aos dous lados dunha frecha areosa.



Praias de Cesantes e do Castañal



Praia do Castañal e porto de Cesantes



Porto de Cesantes



Porto de Cesantes



Punta da Canteira





-REDONDELA. Esteiro do Alvedosa.
Vista desde o Galleiro.




O río Alvedosa nace ao norte da serra do Galleiro e despois de percorrer 9 km polos concellos de Pazos de Borbén e Redondela, desauga na enseada de San Simón, na ría de Vigo.



Desembocadura dos ríos Alvedosa e Pexegueiro



O Socorro



Punta do Socorro



A Portela, O Socorro, A Canteira e o Porto de Cesantes



Punta da Portela